1.- Segundo a Constitución Española do 27 de decembro de 1978, son valores superiores do ordenamento xurídico do Estado Español:
a) O pluralismo político e a autonomía das nacionalidades e rexións que o integran
b) A solidariedade e a liberdade
c) O pluralismo político e a xustiza
d) A liberdade de relixión, a xustiza e a igualdade
2.- Segundo o establecido no artigo 4º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, corresponde á Xunta:
a) Establecer as directrices e desenvolver o Programa de goberno
b) Aprobalas Proposicións de Lei para a súa remisión ao Parlamento e acordar no seu caso a súa retirada
c) Elaborar os orzamentos da Comunidade Autónoma, remitilo ao Parlamento para a súa aprobación
d) a) e c) son correctas
3.- Segundo se recolle no Capítulo 3 do Título I da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia, quén debe resolver os conflictos de competencia e xurisdicción entre os tribunais de Galicia e os do resto de España?
a) O Tribunal Superior de Xustiza
b) O Tribunal Supremo
c) O Tribunal Constitucional
d) A Audiencia Nacional
4.- De acordo co artigo 4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, as disposicións deste Estatuto só se aplicarán directamente cando así o dispoña a súa lexislación especifica:
a) Ao persoal da administración das Entidades Locais
b) Ao persoal funcionario das Cortes Xerais e dos Órganos Estatutarios das Comunidades Autónomas
c) Ao persoal das Comunidades Autónomas
d) Ao persoal dos Organismos Autónomos da Administración do Estado
5.- Segundo o artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, quen poderá actuar como representante doutra persoa ante as Administracións Públicas?
a) Os interesados con capacidade de obrar
b) Calquera persoa con capacidade xurídica
c) Os titulares de intereses lexítimos individuais ou colectivos
d) Calquera persoa con capacidade de obrar
3
6.- O artigo 18 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978 garante o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar, e á propia imaxe e establece que o domicilio é inviolable, sen que se poida facer nel ningunha entrada ou rexistro, agás:
a) Por resolución xudicial motivada ou resolución administrativa, no seu caso
b) Por resolución xudicial e con consentimento do titular
c) Unicamente con consentimento do titular
d) Por resolución xudicial ou con consentimento do titular
7.- Segundo o artigo 3 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, entenderase por discriminación directa:
a) A situación na que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira máis favorable que outra en situación comparable
b) A situación na que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable
c) A situación na que unha muller sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable
d) A situación na que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo
8.- Segundo o artigo 4 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, as medidas de acción positiva manteranse:
a) Mentres non estean acadados polo menos ó 50% dos obxectivos de igualdade de

oportunidades
b) Mentres non estean acadados parcialmente os obxectivos de igualdade de oportunidades
c) Mentres non estean plenamente logrados os obxectivos de igualdade de oportunidades
d) Para que a igualdade entre homes e mulleres sexa efectiva e real

9.- A teor do establecido no capítulo IV do Título V da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinale cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

a) A nulidade ou anulabilidade dun acto non implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro
b) Os actos nulos ou anulables que, sen embargo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste
c) A Administración poderá convalidar os actos nulos e anulables emendando os vicios de que adoezan
d) A Administración poderá convalidar os actos anulables emendando os vicios de que adoezan

4

10.- De acordo co artigo 10 do da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, no suposto de prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos:

a) Deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento
b) Deberán incluírse na oferta de emprego do exercicio en que se produza a praza vacante
c) Deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio seguinte a aquel no que se produza a vacante
d) O estatuto básico do empregado público non fai ningunha previsión sobre cando se han de incluír as vacantes na oferta pública de emprego

11.- Segundo o establecido no artigo 2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia:

a) Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que ha de concretar o Goberno ao comezo de cada lexislatura
b) Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que ha de concretar o Parlamento ao comezo de cada lexislatura
c) Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que ha de concretar o Presidente da Xunta ao comezo de cada lexislatura
d) Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que ha de concretar o Parlamento por proposta do Presidente da Xunta, ao comezo de cada lexislatura

12.- Segundo o artigo 150 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978, de qué forma o Estado pode transferir ou delegar nas Comunidades autónomas facultades correspondentes a materia de titularidade estatal, que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación?

a) Mediante unha lei marco
b) Mediante unha lei de harmonización
c) Mediante unha lei orgánica e renunciando ao control desas facultades
d) Mediante unha lei orgánica, coa previsión da correspondente transferencia de medios financeiros

5

13.- Segundo o establecido no artigo 1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Emanan da Constitución, do Estatuto e do Pobo
b) Emanan da Constitución e do Estatuto
c) Velarán pola defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego

d) b) e c) son correctas

14.- Segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común toda notificación:

a) Deberá ser cursada dentro do prazo de 15 días a partir da data no que o acto fora dictado

b) Deberá ser cursada dentro do prazo de 10 días a partir da data no que o órgano competente resolva

c) Deberá ser cursada dentro do prazo de 10 días naturais a partir da data no que o acto fora dictado

d) Deberá ser cursada dentro do prazo de 10 días a partir da data no que o acto fora dictado

15.- Segundo o artigo 76 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, o persoal funcionario:

a) Poderá ausentarse para acompañar a revisións médicas a persoas maiores ao seu cargo, logo de aviso e sen xustificación

b) Poderá ausentarse para acompañar a revisións médicas a fillos ou fillas, xustificando a súa necesidade, por un máximo de 2 horas

c) Poderá ausentarse para acompañar a revisións médicas ás fillas e os fillos, polo tempo necesario, sen necesidade de xustificación en casos de urxente necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo

d) Ningunha é correcta

16.- De acordo co artigo 18 da lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto básico do empregado público, a promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade e os funcionarios deberan:

a) Posuír os requisitos esixidos para o ingreso

b) Ter unha antigüidade de polo menos dous anos de servizo activo no anterior subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo

c) Superar as correspondentes probas selectivas

d) Cumprir todas as condicións a que fan referencia os apartados anteriores

6

17.- Que tipo de incumprimento moi grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral consiste na creación dun contorno laboral intimidatorio, hostil ou humillante de contido sexual, segundo o artigo 52 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes?

a) A chantaxe sexual

b) A reiteración das conductas ofensivas despois de que a vítima empregase o procedemento informal de solución

c) O acoso ambiental

d) Todas son correctas

18.- Indique cal das seguintes afirmacións non é correcta con relación ao dereito a sindicarse libremente recollido no artigo 28 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978:

a) A liberdade sindical comprende o dereito a fundar sindicatos

b) Ninguén poderá ser obrigado a afiliarse a un sindicato

c) Os funcionarios públicos poderán ter limitado este dereito

d) A liberdade sindical comprende o dereito a afiliarse ao sindicato que un queira

19.- Segundo o artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración:

a) Poderá conceder, salvo precepto en contrario, de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda do dobre dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro

b) Poderá conceder, de oficio, unha ampliación de un mes sobre os prazos establecidos no procedemento de que se trate

c) Poderá conceder, salvo precepto en contrario, de oficio ou a petición dos

interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro
d) En ningún caso a Administración poderá ampliar o prazo, tanto se é de oficio como a petición do interesado

20.- Polo que respecta ao acceso ao emprego, incluída a formación pertinente, a vista do artigo 4 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo:
a) Constitúe sempre discriminación
b) Constitúe sempre discriminación e supón unha falta moi grave
c) Constitúe discriminación, con certas excepcións reguladas no referido artigo
d) Non constitúe discriminación cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas constitúa un requisito profesional esencial determinante

7

21.- Segundo o establecido no artigo 18º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, se o Parlamento outorga a súa confianza ao candidato á Presidente da Xunta:
a) O xa Presidente da Xunta comunicarao ao Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia
b) O xa Presidente da Xunta comunicarao ao Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto lexislativo que se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia
c) O Presidente do Parlamento comunicarao ao Rei para o seu nomeamento, mediante Decreto Lei que se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia
d) O Presidente do Parlamento comunicarao ao Rei para o seu nomeamento

22.- De acordo co artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, as retribucións complementarias dos empregados públicos atenderán, entre outros factores:
a) Ao grao profesional e o destino de que se dispoña
b) Ao grao persoal consolidado, ao complemento especifico e ao de productividade
c) A progresión alcanzada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa
d) Todas as respostas anteriores son falsas

23.– Segundo o artigo 11 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia, o Parlamento estará constituído:
a) Por Deputados elixidos por sufraxio popular, igual, libre, directo e secreto
b) Por Deputados elixidos por sufraxio universal, libre, directo e secreto
c) Pola Mesa do Parlamento e polas comisións que, de selo caso, se creen
d) Por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto

24.– Segundo a Constitución Española do 27 de decembro de 1978, o dereito a un traballo remunerado e aos beneficios correspondentes da Seguridade Social, así como ao acceso á cultura e ao desenvolvemento integral da personalidade é:
a) O dereito que teñen todos os españois polo feito de selo, e que se recolle no artigo 35 da Constitución, relativo ao dereito ao Traballo
b) O dereito que ten o condenado a pena de prisión que estivera cumprindo a mesma
c) O dereito que lle corresponde aos cidadáns que residan en España, sexan ou non españois, e que se recolle no artigo 35 da Constitución, relativo ao dereito ao Traballo
d) O dereito que teñen os cidadáns españois e da Unión Europea condenados a penas de prisión

8

25.- Segundo o artigo 3 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, entenderase por acoso sexual:
a) A situación na que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, con ou sen propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha muller, en particular cando se crea un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo
b) Neste artigo defínese o acoso laboral, non o acoso sexual

c) A situación na que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo
d) A situación na que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico desexado ou non, de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo

26.- Segundo o disposto no artigo 52 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pode unha resolución administrativa de carácter particular vulnerar o establecido nun regulamento?

a) Non
b) Sí, porque unha resolución administrativa de carácter particular, pode ter igual ou superior rango a unha disposición de carácter xeral
c) Depende, a propia norma establecerá a súa xerarquía
d) Si, sempre que se trate dunha resolución dictada en execución de sentencia que declarara a nulidade do regulamento de que se trate

27.- O cómputo do permiso por adopción ou acollemento que se recolle no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, contarase:

a) A partir da decisión administrativa ou xudicial do acollemento
b) A partir da resolución xudicial que constitúe a adopción
c) a) ou b) a elección do funcionario
d) a) ou b) atendendo ás necesidades do servizo e nos termos que regulamentariamente se determinen

9

28.- De acordo co artigo 36 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, constitúense as seguintes mesas xerais de negociación:

a) Unha única Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas
b) Unha Mesa Xeral de Negociación na Administración Xeral do estado, en cada unha das Comunidades Autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e Entidades Locais
c) Unha Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas e Mesas Xerais de negociación na Administración Xeral do estado, en cada unha das Comunidades Autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e Entidades Locais
d) Unha Mesa Xeral de negociación de todas as Administracións Públicas e unha Mesa Xeneral de Negociación en cada unha das Comunidades Autónomas

29.- Segundo o artigo 38 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando as probas de promoción interna comprendan a valoración de méritos dos candidatos e candidatas, haberá unha puntuación específica, entre outros, para quen:

a) Tivera utilizado unha licenza de maternidade nos últimos 10 anos
b) Tivera utilizado unha excedencia para o coidado de familiares nos últimos 5 anos
c) Tivera utilizado un permiso de paternidade nos últimos 6 anos
d) Tivera utilizado unha excedencia para o coidado de familiares por consanguinidade nos últimos 5 anos

30.- Segundo a Constitución Española do 27 de decembro de 1978, nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións darase comunicación previa á autoridade, que só poderá prohibilas cando:

a) Cando existan razóns fundadas de orde público, con perigo para persoas ou bens
b) Cando existan razóns de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens
c) Cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens
d) Cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens, aínda que non existise comunicación previa á autoridade

31.- Ao abeiro do artigo 17 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, procederase á convocatoria de novas eleccións e disolverase o Parlamento, se ningún candidato proposto obtén a confianza do Parlamento, unha vez transcorrido dende a primeira votación de investidura:

a) Un mes
b) Dous meses
c) Tres meses
d) Catro meses
10
32.- A teor do artigo 3 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, prodúcese discriminación indirecta se unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poñen a persoas dun sexo determinado:
a) En desvantaxe xeral con respecto a persoas doutro sexo
b) En desvantaxe particular con respecto a persoas doutro sexo
c) En desvantaxe xenérica respecto a persoas doutro sexo
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
33.- Segundo o artigo 56.1. da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia, a iniciativa da reforma do Estatuto:
a) Corresponderalle ao Presidente da Xunta, ó Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais
b) El-Rei a proposta do Parlamento de Galicia
c) Corresponderalle á Xunta, ó Parlamento galego, por maioría de dous tercios dos seus membros, ou ás Cortes Xerais
d) Corresponderalle á Xunta, ó Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais
34.- De acordo co artigo 42 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o mandato dos membros das Xuntas de persoal será de:
a) 5 anos
b) 4 anos, sen posibilidade de reelección
c) 4 anos
d) Ata as seguintes eleccións
35.- Segundo o artigo 42.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supor un incumprimento do prazo máximo de resolución:
a) O órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instructor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo
b) Acordarase a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación motivando as circunstancias concorrentes
c) Ampliarase en seis meses, de oficio, o prazo para resolver
d) a) e c) son correctas
11
36.- Se unha Comunidade Autónoma actuara de forma que atente gravemente ao interese xeral de España:
a) O goberno, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao seu cumprimento forzoso
b) O Tribunal Constitucional, por proposta da maioría absoluta do Senado anulará de oficio tales actuacións
c) O Tribunal Constitucional anulará de oficio as disposición e os actos atentatorios
d) O Goberno, previo requirimento ao Presidente da Comunidade Autónoma, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela a súa protección
37.- O artigo 45 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes establece un dereito preferente a participar nos cursos formativos, organizados pola Administración Pública Galega, a favor de quen estea utilizando ou tivese utilizado unha licenza de maternidade:
a) Nos 5 últimos anos
b) Non existe ningún tipo de preferencia para participar nos cursos formativos
c) Nos 3 últimos anos
d) Nos 2 últimos anos
38.- Segundo a Constitución Española do 27 de decembro de 1978, as Comunidades autónomas poderán federarse entre si:

a) Cando esta posibilidade se recolla nos respectivos estatutos, previa aprobación polas cortes xerais
b) Cando esta posibilidade se recolla nos respectivos estatutos, previa aprobación polas cortes xerais e se trate de comunidades limítrofes
c) As comunidades non poderán federarse, pero si confederarse previo cumprimento do disposto na resposta a) da pregunta
d) En ningún caso se admitirá a federación de Comunidades Autónomas

39.- Cal dos seguintes non é un permiso dos que recolle o artigo 76.1 de Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia?:

a) Para tratamento de fecundación asistida polo tempo necesario para a súa práctica
b) Para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal
c) Por acumulación en xornadas completas do tempo correspondente á lactación
d) Para acompañar ás revisións médicas fillas e fillos e persoas maiores ao seu cargo

12

40.- O artigo 53 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, fixa uns principios éticos que deberán respectar os empregados públicos na súa actuación entre os que se atopan:

a) Os principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos
b) O principio de segredo no exercicio das súas funcións
c) O de naturalidade
d) Todos os anteriores

PREGUNTAS DE RESERVA

41.- Sinale, de acordo co establecido no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo, en cal dos seguintes lugares se poderá efectuar o cotexo das copias dos documentos que os cidadáns acompañan xunto coas súas solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Administración:

a) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares no extranxeiro
b) Nas oficinas de Correos
c) Nos rexistros dos órganos administrativos ó que se dirixan
d) As respostas a) e c) son correctas

42.- Segundo o establecido no artigo 148.2. da Constitución Española do 27 de decembro de 1978, que se requiría para que as Comunidades Autónomas puideran ampliar sucesivamente as súas competencias dentro do marco establecido no seu artigo 149?:

a) Que transcorreran cinco anos e que se fixera mediante a reforma dos seus estatutos
b) Que transcorreran dez anos e que se fixera mediante a reforma dos seus estatutos
c) Que transcorreran dez anos e que se fixera coa aprobación das Cortes xerais e do Parlamento da Comunidade Autónoma de que se trate
d) Que transcorreran cinco anos e que se fixera coa aprobación das cortes xerais do Estado

43.- Segundo o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, en cal dos seguintes casos é obrigatorio o descanso das 6 semanas inmediatamente posteriores ao parto para a funcionaria?

a) En caso de que ambos os dous proxenitores traballen e así o decida a nai
b) Nos casos de parto prematuro e en aqueles en que o neonato-a deba permanecer no hospital a continuación do parto
c) En todo caso
d) En caso de que así o decidan conxuntamente ambos os dous progenitores

PROCESO SELECTIVO DE EMPREGO PARA O INGRESO NA AGRUPACIÓN PROFESIONAL DE PERSOAL SUBALTERNO DA XUNTA DE GALICIA

PLANTILLA DE RESPOSTAS: 1º EXERCICIO LIBRE OPCIÓN A

Pregunta	Resposta	Pregunta	Resposta
1	C	**21**	D
2	D	**22**	C
3	B	**23**	D
4	B	**24**	B
5	D	**25**	C
6	D	**26**	A
7	B	**27**	C
8	C	**28**	C
9	C	**29**	B
10	A	**30**	C
11	B	**31**	B
12	D	**32**	B
13	A	**33**	D
14	D	**34**	C
15	D	**35**	A
16	D	**36**	D
17	C	**37**	D
18	C	**38**	D
19	C	**39**	B
20	D	**40**	A

PREGUNTAS DE RESERVA

41	C
42	A
43	C

Silleda, a 29 de marzo de 2009

A secretaria do Tribunal

Sonia Gil Alonso

XUNTA DE GALICIA
PROCESO SELECTIVO
A. P.
TRIBUNAL
PERSOAL SUBALTERNO

O presidente do Tribunal

Pablo Nimo Ríos